

**ACTA N.º 3/2016**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 31 DE MARZO DE**  
**2016**

ORDE DO DÍA

*I.- PARTE RESOLUTIVA*

**I.1.- ACTA ANTERIOR**

**I.2.- PROPOSTA SOBRE CIDADES LIBRES DE CO<sub>2</sub>**

**I.3.- PROPOSTA SOBRE CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS**

**I.4.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS (ANOS 2016 A 2019). BASES ESPECÍFICAS DAS CONVOCATORIAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á INSERCIÓN SOCIAL E PARA EMERXENCIAS SOCIAIS (2016) E PARA REGULAR O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE ALIMENTOS MUNICIPAL (PAM - 2016)**

*II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO*

**II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

**II.2.- DAR CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2017 - 2019 DO CONCELLO DE NIGRÁN**

**II.3.- ROGOS E PREGUNTAS**

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

**Concelleiros/as:**

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas  
- D. Diego García Moreira  
- D. Rubén Rial Sánchez  
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez  
- D. José Luis Sanromán Román  
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez  
- D. Alberto García Pazos  
- D. Modesto Martínez Sienes  
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo  
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---

Funcionario da Intervención: D. José Enrique Figueroa Costas.  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

**Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 31 de marzo de 2016
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:02
- *Hora de remate:* 21:43
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16
- *Non asiste:* D. Miguel Alonso Fernández

**Incidencias:**

a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.

b) Outras incidencias: Gardouse un minuto de silencio polos luctuosos acontecementos do último mes nos que faleceron dous veciños de Nigrán: José Antonio Casas Pérez, atropelado xunto co grupo co que practicaba ciclismo, accidente no que tamén resultou ferido, entre outros, o Concelleiro ausente neste pleno; e outro Manuel Acuña París, nun accediente de pesca.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

**I.1.- ACTA ANTERIOR**

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data:* 3 de marzo de 2016

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se produciron intervencións.

**Acordo.** A acta da sesión do 3 de marzo de 2016 quedou aprobada coa conformidade dos 16 membros da Corporación presentes.

## 1.2.- PROPOSTA SOBRE CIDADES LIBRES DE CO<sub>2</sub>

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23 de marzo de 2016, dictaminou favorablemente a Moción do grupo municipal socialista sobre este asunto.

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Preséntase a moción para contribuír á concienciación sobre a necesidade de loitar contra o cambio climático. Le o texto ditaminado pola Comisión.

*D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira do grupo Nigrán Decide:* Propón que, no parágrafo terceiro do apartado primeiro do acordo, se engada, a continuación da mención a "unha Estratexia de loita contra o Cambio Climático", o seguinte: "que inclúa un plan de aforro e eficiencia enerxética e un plan de mobilidade sostible".

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Algo se pode facer desde o Concello. Apoiará a iniciativa.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Parécelle oportuna a emenda, sobre todo o do plan de mobilidade sostible.

### **Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello aproba a proposta ditaminada pola Comisión Informativa cun engadido proposto polo grupo Nigrán Decide referido a incluír na Estratexia de loita contra o Cambio Climático un plan de aforro e eficiencia enerxética e un plan de mobilidade sostible, quedando redactado o acordo nos seguintes termos:

### **ANTECEDENTES E EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado mes de decembro celebrouse a reunión do Convenio Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático en París (COP21 ). Neste marco, 4 de decembro, concellos de todo o mundo tiveron un encontro para comprometerse na loita contra o cambio climático a nivel municipal, de onde sairá a definición da Axenda Urbana.

Os municipios temos a oportunidade de actuar dende o local converténdose no soporte básico sobre o que se sustenten as necesarias medidas de freo contra o "calentamento global". Unha actuación conxunta das entidades locais pode orixinar un gran descenso das emisións causantes do cambio climático. O tempo de actuación para previr as peores consecuencias agótase, polo que é imprescindible que tomemos medidas urxentes que non só conseguirán evitar os peores efectos do cambio climático, senón que redundarán nun incremento da calidade de vida dos nosos cidadáns.

Atendendo a estes motivos e

- considerando que é o momento de actuar para frear o cambio climático.
- considerando que a aprobación dos compromisos que se expresan máis adiante situará ao noso municipio na boa senda para a súa transformación xerando con elo unha cidade máis ecolóxica, sostible, amable e habitable que esté á vangarda social.
- considerando que o noso concello debe estar á altura do reto que se plantexou en París.

#### **ACORDO:**

##### **Primeiro:**

- Aumentar progresivamente as capacidades do concello para facer fronte ás consecuencias do cambio climático que xa se está producindo.
- Identificar os focos de emisións de gases de efecto invernadoiro máis importantes e concretar uns obxectivos propios ambiciosos de redución de emisións de CO<sub>2</sub> de aquí ao 2050, estruturados e calendarizados en diversas etapas temporais intermedias (ao menos a 2020, 2030 e 2050), adoptando como mínimo os obxectivos marcados pola Unión Europea en cada período.
- Para elo, desenvolverase e aprobarase unha Estratexia de loita contra o Cambio Climático, que inclúa un plan de aforro e eficiencia enerxética e un plan de mobilidade sostible.
- Incluirase a participación da cidadanía na toma de decisións da planificación municipal para o desenvolvemento da estratexia de loita contra o cambio climático e como mecanismo de control para a correcta posta en marcha destas medidas.

**Segundo:** Trasladar este acordo do Pleno ao Goberno Autonómico Galego e ao Goberno do España.

### **I.3.- PROPOSTA SOBRE CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23 de marzo de 2016, previa declaración de urxencia, dictamina favorablemente a seguinte Moción do grupo municipal do BNG:

O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Comité de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001.

O Concello de Nigrán manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e INSTA á Xunta de Galiza a:

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na línea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias que se poden impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

- Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Obedece a unha iniciativa da Mesa para a Normalización Lingüística. Trátase de instar á Xunta nunha materia que lle compete. Resume os déficits sinalados polas institucións europeas e a proposta que se somete á consideración do Pleno.

*D. Modesto Martínez Sienes, do grupo Popular:* Despois deste informe a Consellería xa manifestou a vontade de darlle cumprimento. Tamén se observa que a situación mellora. Hai normas vixentes que garanten igualdade nas linguas oficiais, e a tendencia é a de introducir unha terceira lingua (inglés) no ensino público. Entenden que a normativa vixente respecta os obxectivos do informe. Votarán en contra.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Apoian a moción. Hai que cumprir a carta europea, e así o sinala o informe.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Estas mocións escapan da competencia municipal. A opinión municipal non pasa de ser simbólica. Absterase.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Comparte o da igualdade na competencia lingüística. O problema é que na práctica non se da esa igualdade.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e BNG.
- Votos en contra: 5; PP..
- Abstencións: 1; UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.4.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS (ANOS 2016 A 2019), BASES ESPECÍFICAS DAS CONVOCATORIAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á INSERCIÓN SOCIAL E PARA EMERXENCIAS SOCIAIS (2016) E PARA REGULAR O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE ALIMENTOS MUNICIPAL (PAM - 2016)**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 23 de marzo de 2016, informa favorablemente o expediente do plan extratético de subvencións do Concello de Nigrán (anos 2016 a 2019), as Bases específicas das convocatorias para a concesión de axudas a inserción social e para emerxencias sociais (2016) e para regular o funcionamento do programa de alimentos municipal (P.A.M. 2016)

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Refírese aos fins perseguidos pola proposta. É un paso importante para acadar os obxectivos de eficacia, eficiencia e transparencia. Resume as liñas estratéxicas con especial mención á proposta das bases de axudas en materia social. Propón unha corrección a raíz do debatido na Comisión sobre a compatibilidade de axudas en materia de alimentos.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Faltan os libros escolares. Propón que se incorporen noutro Pleno. Ademais, as bases das convocatorias das subvencións deberán ser aprobadas polo Pleno. As bases son mellorables, pero son un punto de partida

*Dª. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* Chama a atención sobre a asignación nominativa ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que ademais incrementase en relación ao ano pasado. Os libros escolares deberían incluírse entre as axudas. No referido aos gastos por hipoteca debería aumentarse o desconto de 300 euros. Bota en falta o que non se indique o tempo de resolución nos casos de tramitación ordinaria e urxente. Ao corrixirse a compatibilidade de axudas en materia de alimentos, tamén haberá que facelo na declaración responsable correspondente.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Botábase en falta no pasado a planificación. As bases poden ser mellorables, pero tal vez non se poidan concretar os prazos da tramitación con total precisión, dada a diversidade dos casos. O tema dos libros é un pouco peculiar e tal vez se deba incluír entre as subvencións.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Agora adáptase a un plan plurianual no que

se pretende obter unha avaliación de resultados. Coincide en que as bases deben ser aprobadas polo Pleno.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular.* Advirte que nas distintas liñas figuran contías e que o orzamento deste ano aínda non está aprobado definitivamente, de xeito que poderían diferir.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, aproba a proposta da Comisión Informativa, coas modificacións que se sinalan a continuación, indicando a Presidencia que a decisión comporta o levantamento dos reparos da Intervención:

- Inclúese un punto 5 dentro dos *principios xerais* do plan estratéxico, que figuran no apartado primeiro da parte dispositiva do acordo, coa seguinte redacción: *5. As bases das convocatorias das subvencións deberán ser aprobadas polo Pleno.*

- Dáselle unha nova redacción á letra b) do apartado "Obrigas dos beneficiarios" das Bases do Programa de Alimentos Municipal no sentido seguinte: *"b) Non poderán recibir axuda para a mesma finalidade doutra entidade coa que o Concello teña asinado convenio, e así o estableza o mesmo."*, e corríxese no mesmo sentido o punto 2 do Anexo I das referidas Bases e tamén se corrixe o erro advertido na numeración de distintos apartados destas bases.

En consecuencia o acordo adoptado queda redactado nos seguintes termos:

**APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS (ANO 2016-2019) E DAS BASES ESPECÍFICAS DAS CONVOCATORIAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á INSERCIÓN SOCIAL E PARA EMERXENCIAS SOCIAIS (2016), E PARA REGULAR O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE ALIMENTOS MUNICIPAL (PAM - 2016)**

Exptes. 2016000497, 1/2016, 2/2016

1. O Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais (ROF), establece no seu art. 232 que os concellos, na medida en que o permitan os recursos orzamentados, poderán subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais, como ás actividades que realicen.

Do previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), de carácter básico, infírese que tódolos concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar previamente o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

Pola súa banda, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), establece tamén no seu art. 5.1 que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de

subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. A lexislación en materia de subvencións supón un paso mais no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe as ditas normas é o da transparencia, que xunto coa variedade de instrumentos que se artellan, redundando de xeito directo nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto públicos subvencional.

Neste sentido, unha maior información sobre as subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.

3. Sentado todo o anterior, a través do Plan Estratéxico de Subvencións, este Concello pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Cumprir o mandato legal recollido na LXS, que no seu art 8.1 obriga aos concellos que pretendan outorgar subvencións a aprobar o seu correspondente plan estratéxico.
- Incidir de xeito directo nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.
- Optimizar o acceso dos cidadáns ao feito subvencional con garantías de transparencia, uniformidade de criterio municipal e de libre concorrència.
- Finalmente, racionalizar a xestión municipal subvencional dotándoa de transversalidade na súa planificación, sistematicidade nos seus procedementos y de ferramentas técnicas avanzadas a súa avaliación.

Xa que logo, coa visión posta nos anteriores obxectivos, e coa perspectiva de mellorar a eficacia na asignación dos recursos públicos, e no exercicio das facultades municipais de fomento, procede a elaborarse un plan estratéxico de subvencións para o Concello de Nigrán, con vixencia para os anos 2016 a 2019.

4. Por outra banda, co fin de proceder á inmediata posta en marcha da política de fomento reflectida no plan estratéxico, procedeuse a elaborar bases específicas que regulan as convocatorias para a concesión de axudas á inserción social e para emerxencias sociais (2016) e para regular o funcionamento do programa de alimentos municipal (PAM – 2016).

5. Unha vez aprobado polo Concello Pleno o expediente do plan extratéxico de subvencións do Concello de Nigrán (anos 2016 a 2019). Bases específicas das convocatorias para a concesión de axudas a inserción social e para emerxencias sociais (2016) e para regular o funcionamento do programa de alimentos municipal (P.A.M. 2016), será exposto ao público no portal de transparencia na páxina web do Concello.



Visto canto antecede, de conformidade co previsto nos arts. 8.1 e 9.2 de la LXS, 5.1 e 6.1 de la LSG, e de acordo co previsto na Ordenanza Xeral de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán e no art. 23.2.a) da LXS, o Pleno adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.**- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Nigrán para os anos 2016-2019, co texto que se insire a continuación:

**“PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE NIGRÁN - ANOS 2016 A 2019 -”**

**I. PRINCIPIOS XERAIS**

1. O establecemento de subvencións polo Concello de Nigrán durante o trienio comprendido entre os anos 2016 e 2019 axustarase ao previsto no presente Plan Estratéxico de Subvencións.
2. O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan requirirá da inclusión das consignacións correspondentes nos orzamentos municipais dos anos para os que está previsto, así como a aprobación da correspondente convocatoria.
3. O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as convocatorias para a súa concesión acomodaranse en cada momento aos ditos obxectivos.
4. O presente Plan ten carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvencións, atendendo, entre outros condicionamentos, ás dispoñibilidades existentes en cada momento.
5. As bases das convocatorias das subvencións deberán ser aprobadas polo Pleno.

Os potenciais beneficiarios de subvencións non poderán esixir indemnización ou compensación ningunha no caso de que o Plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

**II. CONTIDO DO PLAN**

Inclúense como anexo do presente Plan as liñas de subvención que se consideran precisas para acadar os obxectivos pretendidos para o período de vixencia establecido. Cada unha destas liñas contén os seguintes datos:

- Os obxectivos que se pretenden acadar
- A modalidade de concesión aplicable
- Os destinatarios aos que van dirixidas
- O importe económico e fonte de financiamento

**III. BENEFICIARIOS E MATERIAS DAS SUBVENCIÓNS**

1. O Concello concederá subvencións a favor de entidades públicas ou privadas incluídas no Rexistro de asociacións do Concello de Nigrán, así como, no seu caso, a favor de persoas físicas non inscritas nos casos que se establezan nas bases correspondentes, coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social, ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.
2. O Concello de Nigrán establecerá durante o período de vixencia do presente Plan subvencións nas seguintes áreas: actividade deportiva, actividade cultural, participación veciñal, servizos sociais, atencións benéficas e asistenciais, mellora da empregabilidade e transporte metropolitano.

#### **IV. AVALIACIÓN DA EFICACIA DOS PROGRAMAS SUBVENCIONADOS. ANÁLISE DE RESULTADOS.**

1. Para unha mellor análise da eficacia de cada liña de subvencións, os servizos municipais encargados da súa tramitación solicitarán das entidades beneficiarias unha memoria motivada sobre as actividades desenvolvidas, o número de participantes, o resultado e obxectivos acadados, nos termos recollidos en cada convocatoria.

2. Á vista da información recabada, as Concellerías-Delegadas en cuxo ámbito competencial se insira cada liña de subvención elaborarán unha memoria anual na que se valorará a adecuación dos resultados aos obxectivos perseguidos a través de cada liña, e se propondrá o mantemento, modificación ou supresión motivados da dita liña. Das ditas memorias darase razón ao Pleno.

#### **ANEXO I**

##### **LIÑA ESTRATÉXICA Nº 1 – FOMENTO DO DEPORTE**

###### **DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DA COLABORACIÓN**

Subvención de actividades deportivas.

###### **DESTINATARIOS**

Asociacións ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro rexistradas no rexistro local de asociacións.

###### **MODALIDADE DE CONCESIÓN**

Concurrencia competitiva.

###### **PRAZO PARA A SÚA CONSECUCIÓN**

Trienio 2016-2019.

###### **OBXECTIVOS**

Fomentar a práctica do deporte no municipio a través do apoio a asociacións, entidades ou clubs deportivos, dados os indudables beneficios de índole social, formativa e de saúde que a práctica do deporte xera na sociedade.

###### **IMPORTE ECONÓMICO**

Para o exercicio 2016, o importe máximo ascenderá a 25.000 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 341 48000 do Orzamento Xeral para 2016 aprobado inicialmente.

Nos restantes exercicios reservaranse, na medida do posible, cantidades semellantes que se financiarán con cargo ás partidas orzamentarias que anualmente se recollan no orzamento xeral municipal e, no seu caso, con aportacións doutras administracións.

##### **LIÑA ESTRATÉXICA Nº 2 – FOMENTO DA CULTURA**

###### **DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DA COLABORACIÓN**

Subvención de actividades culturais.

###### **DESTINATARIOS**

Asociacións ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro rexistradas no rexistro local de asociacións.

###### **MODALIDADE DE CONCESIÓN**

Concurrencia competitiva.

###### **PRAZO PARA A SÚA CONSECUCIÓN**

Trienio 2016-2019.

#### **OBXECTIVOS**

O obxectivo estratéxico xeral é o de apoiar as iniciativas, actuacións e programas de promoción da cultura que complementen ao conxunto de accións realizadas polo Concello na materia.

#### **IMPORTE ECONÓMICO**

Para o exercicio 2016, o importe máximo ascenderá a 25.000 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 334 48000 do Orzamento Xeral para 2016 aprobado inicialmente.

Nos restantes exercicios reservaranse, na medida do posible, cantidades semellantes que se financiarán con cargo ás partidas orzamentarias que anualmente se recollan no orzamento xeral municipal e, no seu caso, con aportacións doutras administracións.

#### **LIÑA ESTRATÉXICA Nº 3 – FOMENTO DA PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

##### **DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DA COLABORACIÓN**

Subvención de actividades festivas e de asociacionismo vecinal.

##### **DESTINATARIOS**

Asociacións ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro rexistradas no rexistro local de asociacións.

##### **MODALIDADE DE CONCESIÓN**

Concurrencia competitiva.

##### **PRAZO PARA A SÚA CONSECUCIÓN**

Trienio 2016-2019.

#### **OBXECTIVOS**

O obxectivo estratéxico xeral é o de apoiar as iniciativas, actuacións e programas de fomento e consolidación do asociacionismo veciñal. Preténdese apoiar institucionalmente a conservación e consolidación das festas tradicionais que se desenvolven ao longo do ano nas diferentes parroquias do municipio.

#### **IMPORTE ECONÓMICO**

Para o exercicio 2016, o importe máximo ascenderá a 22.000 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 924 48000 do Orzamento Xeral para 2016 aprobado inicialmente.

Nos restantes exercicios reservaranse, na medida do posible, cantidades semellantes que se financiarán con cargo ás partidas orzamentarias que anualmente se recollan no orzamento xeral municipal e, no seu caso, con aportacións doutras administracións.

#### **LIÑA ESTRATÉXICA Nº 4 – AXUDAS SOCIAIS**

##### **DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DA COLABORACIÓN**

Subvención ou axuda, ben económica ou en especie, ás persoas mais desfavorecidas.

##### **DESTINATARIOS**

Persoas físicas, unidades familiares ou de convivencia empadroadas no municipio, así como asociacións ou outras entidades sen ánimo de lucro rexistradas no rexistro local de asociacións que teñan entre os seus obxectivos a axuda aos colectivos de persoas desfavorecidas.

##### **MODALIDADE DE CONCESIÓN**

Concurrencia competitiva ou concesión directa.

##### **PRAZO PARA A SÚA CONSECUCIÓN**

Trienio 2016-2019.

#### **OBXECTIVOS**

O obxectivo estratéxico xeral é o de axudar ás persoas máis desfavorecidas para paliar situacións carenciais e transitorias imprevistas ou excepcionais, así como para previr o agravamento das mesmas.

#### **IMPORTE ECONÓMICO**

Para o exercicio 2016, o importe máximo ascenderá a 15.000 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 231 48000 do Orzamento Xeral para 2016 aprobado inicialmente. Terase en conta tamén a estes efectos a consignación orzamentaria de 30.000 euros recollida na partida 231 2269903 do Orzamento Xeral para 2016 aprobado inicialmente.

Nos restantes exercicios reservaranse, na medida do posible, cantidades semellantes que se financiarán con cargo ás partidas orzamentarias que anualmente se recollan no orzamento xeral municipal e, no seu caso, con aportacións doutras administracións.

### **LIÑA ESTRATÉXICA Nº 5 – FOMENTO DO EMPREGO**

#### **DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DA COLABORACIÓN**

Concesión de becas de formación a persoas desempregadas.

#### **DESTINATARIOS**

Persoas físicas.

#### **MODALIDADE DE CONCESIÓN**

Concurrencia competitiva.

#### **PRAZO PARA A SÚA CONSECUCIÓN**

Trienio 2016-2019.

#### **OBXECTIVOS**

Fomentar a formación de persoas desempregadas a través do outorgamento de becas ou similares que permitan aos seus adxudicatarios participar nun proceso de aprendizaxe que lles facilite o acceso a unha experiencia asimilable á laboral (ou, no seu caso, ampliála), e incrementar os seus coñecementos, co obxectivo xeral de mellorar a súa empregabilidade e competitividade no mercado laboral.

#### **IMPORTE ECONÓMICO**

Para o exercicio 2016, o importe máximo ascenderá a 115.500 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 241 48100 (Becas Fomento do emprego, 70.000 euros), 432 48100 (Becas oficina de Turismo, 25.500 euros) e 241 48101 (Becas FEUGA, 20.000 euros) do Orzamento Xeral para 2016 aprobado inicialmente.

Nos restantes exercicios reservaranse, na medida do posible, cantidades semellantes que se financiarán con cargo ás partidas orzamentarias que anualmente se recollan no orzamento xeral municipal e, no seu caso, con aportacións doutras administracións.

### **LIÑA ESTRATÉXICA Nº 6 – TRANSPORTE METROPOLITANO**

#### **DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DA COLABORACIÓN**

Participación na implantación e desenvolvemento do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo, de conformidade co acordado a través do convenio de colaboración multilateral suscrito o 4/03/15.

#### **DESTINATARIOS**

O perceptor directo das achegas será a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio ambiente, Territorio

e Infraestruturas da Xunta de Galicia, que será a encargada de tramitar a compensación aos prestatarios de servizos de transporte público integrados no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo, de acordo co convenio de colaboración asinado o 4/03/15.

**MODALIDADE DE CONCESIÓN**

Concesión directa.

**PRAZO PARA A SÚA CONSECUCIÓN**

Trienio 2016-2019.

**OBXECTIVOS**

Contribuir ao fomento da mobilidade en transporte público, favorecer a coordinación entre as diferentes redes de transporte público e mellorar a calidade da integración do sistema, a través da ordenación da oferta de transporte e o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias.

**IMPORTE ECONÓMICO**

Para o exercicio 2016, o importe máximo ascenderá a 62.126 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 231 48000 do Orzamento Xeral para 2016 aprobado inicialmente.

Nos restantes exercicios reservaranse, na medida do posible, as cantidades recollidas no Convenio de colaboración suscrito o 4/03/15, que se financiarán con cargo ás partidas orzamentarias que anualmente se recollan no orzamento xeral municipal e, no seu caso, con aportacións doutras administracións.

**LIÑA ESTRATÉXICA Nº 7 – COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

**DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DA COLABORACIÓN**

Concesión de axudas ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, organismo sen ánimo de lucro do que é socio fundador o Concello de Nigrán, e que ten por obxecto contribuir ao desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo.

**DESTINATARIOS**

O perceptor directo das achegas será o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

**MODALIDADE DE CONCESIÓN**

Concesión directa.

**PRAZO PARA A SÚA CONSECUCIÓN**

Trienio 2016-2019.

**OBXECTIVOS**

Contribuir ao desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo a través da participación, co conxunto do municipalismo galego, en proxectos e programas de cooperación, desenvolvemento e solidariedade internacional.

**IMPORTE ECONÓMICO**

Para o exercicio 2016, o importe máximo ascenderá a 2.500 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 231 48002 do Orzamento Xeral para 2016 aprobado inicialmente.

Nos restantes exercicios reservaranse, na medida do posible, cantidades semellantes que se financiarán con cargo ás partidas orzamentarias que anualmente se recollan no orzamento xeral municipal e, no seu caso, con aportacións doutras administracións.”

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación do acordo contido no apartado precedente e do texto

íntegro do plan estratéxico de subvencións no portal de transparencia na páxina web do Concello, e notificar o seu contido ás dependencias municipais afectadas.

**TERCEIRO.-** Aprobar as “bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas á inserción social e para emerxencias sociais (2016)” que se insiren a continuación:

**“BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESION DE AXUDAS Á INSERCIÓN SOCIAL E PARA EMERXENCIAS SOCIAIS (2016)”**

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de axudas ou subvencións á inserción social e para emerxencias sociais no ano 2016, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

### **1. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA**

O Concello de Nigrán, asumindo as competencias recoñecidas no artigo 25.2,e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, procede a ditar as bases necesarias para a concesión de axudas á inserción social e para emerxencias sociais, destinadas a persoas ou familias que se atopen en situacións carenciais.

### **2. OBXECTO DAS AXUDAS**

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de axudas ou subvencións co obxectivo de satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias que se atopen en situacións carenciais, así como estimular a súa incorporación social e laboral.

As axudas para a inserción social e para emerxencias sociais constitúen unha prestación económica de carácter urxente e extraordinario, destinada a paliar situacións carenciais e transitorias imprevistas ou excepcionais, así como para previr o agravamento das mesmas.

### **3. BENEFICIARIOS/AS**

Poderán beneficiarse das axudas de emerxencia social persoas individuais ou unidades familiares. Entenderase por unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor e os fillos que conviven no domicilio familiar.

Nunha unidade familiar un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria das axudas, aínda que se lle outorguen en beneficio da unidade familiar.

Son titulares do dereito ás prestacións económicas, ata o momento e nos límites económicos que o permitan as consignación orzamentais acordadas para ditas prestacións, os/as veciños/as que reúnan os requisitos esixidos e cumpran co establecido nas presentes bases.

### **4. REQUISITOS**

1. Ser maior de idade ou menor emancipado/a.
2. Estar empadroad/a e ter residencia efectiva no concello de Nigrán cunha antelación mínima de 6 meses no momento da solicitude.

3. Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nas presentes bases.

### 5. CÓMPUTO DE INGRESOS

Para poder beneficiarse das axudas ás que se refíren as presentes bases, os ingresos económicos das unidades familiares en función do número de membros das mesmas non poderán superar en ningún caso os límites establecidos na seguinte táboa:

1 membro .....	532,51€/mes
2 membros.....	665,64 €/mes
3 membros.....	798,77€/mes
4 membros.....	985,15€/mes
5 membros.....	1171,53 €/mes
6 membros.....	1384,53 €/mes
7 membros.....	1597,53 €/mes
8 membros.....	1840,53 €/mes
9 membros.....	2023,53 €/mes
10 membros.....	2236,53 €/mes

### 6. DETERMINACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS

1. Para determinar os ingresos por debaixo dos cales poderá procederse ao recoñecemento das axudas, teranse en conta os ingresos de toda a unidade familiar:

2. Computaranse como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos líquidos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outra, nos 6 meses anteriores á data de solicitude.

3. No caso de existencia de recursos dinerarios depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% da cantidade depositada. Así mesmo terase en conta o saldo medio das contas correntes de toda a unidade familiar.

4. Para o computo final dos ingresos descontaranse os alugueres e hipoteca da vivenda, ata 300 euros ao mes .

### 7. GASTOS SUBVENCIONABLES

As axudas de emerxencia social poderán ser aplicadas aos gastos orixinados polas seguintes situacións de necesidade, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección:

a) Dificultade de continuar no uso e goce da vivenda habitual e de xeito particular para afrontar os gastos que permitan o dereito ao uso da mesma, como o pago de aluguer, hipoteca, pago da fianza e primeira mensualidade para aluguer da vivenda e pago de gastos de comunidade e necesidades orixinadas polo desaloxo da vivenda habitual.

b) Carencia de medios económicos para conservar as condicións de habitabilidade ou para adquirir o equipamento da vivenda habitual, como traslado de mobles, efectos, luz, gas, acometida da auga, mobiliario básico (camas, mesas, cadeiras, etc.); electrodomésticos (frigorífico, lavadora, cocifña, etc.); acondicionamento sanitario (ducha, baño, etc) e reparacións e/ou reformas en xeral.

c) As necesidades consistentes en cubrir con carácter urxente as atencións primarias do/a beneficiario/a ou da unidade familiar como: alimentación, vestido, coidados sanitarios, próteses, ortesis, axudas técnicas, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección.

d) Excepcionalmente, situacións de necesidade orixinadas por circunstancias que poñen en perigo a convivencia familiar ou a integración social do/as beneficiarios/as e que non están comprendidas nos supostos anteriores.

## 8. ORZAMENTO

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 15.000 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 231 48000 do Orzamento Xeral para 2016. Terase en conta tamén a estes efectos a consignación orzamentaria de 30.000 euros recollida na partida 231 2269903 do mesmo Orzamento Xeral.

A información contable relativa a execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello.

## 9. CONTÍA DAS AXUDAS

1. O importe das axudas modularase atendendo ao concepto concreto da necesidade, á consecución do obxectivo de satisfacer ou axudar a cubrir a necesidade, ao gasto necesario para satisfacela, á situación socioeconómica do/a solicitante. A axuda poderá cubrir o gasto total de necesidade, cando así sexa avaliado polo/a traballador/a social que o fará constar no informe social.

2. Con carácter xeral, concederáanse un máximo de dúas axudas de emerxencia ao ano. Sen prexuízo do anterior, en supostos de excepcional gravidade, o/a concelleiro/a delegado/a competente en materia de servizos sociais poderá propor incrementar o número de axudas para atender convenientemente a necesidade sobrevida, sempre que estea debidamente xustificado e avaliado no Informe do/a traballador/a social.

3. O importe máximo das axudas en función dos gastos susceptibles das mesmas establecidas no punto 7 son:

- Para os conceptos contidos no punto 7.a: ata un máximo de 450€ por axuda.
- Para os conceptos contidos no punto 7.b: ata un máximo de 800€ por axuda.
- Para os conceptos contidos no punto 7.c: ata un máximo de 500€ por axuda.
- No caso de situacións susceptibles de inclusión no apartado 7.d, o importe da axuda será determinada e motivada no informe social, sen superar os 800€.

## 10. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes presentaranse cumprimentando o modelo que se incorpora (ANEXO I), asinando autorización e consentimento para recadar os documentos que obren nesta ou outras Administracións, así como a información adicional que se considera necesaria para completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través de calquera dos medios previsto s na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

3. O prazo de petición manterase aberto durante o exercicio 2016, suxeito, en todo caso, á existencia de consignación orzamentaria para facer fronte ao custo das axudas.

4. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación (en orixinal e copia) de todos os membros da familia.

a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou tarxeta de identificación de estranxeiro/a relativa a súa residencia legal en España de toda a unidade familiar.



- b) Fotocopia do libro de familia ou documentos acreditativos de acollementos ou tutela.
  - c) Fotocopia da declaración de I.R.P.F do ano corrente ou do anterior dependendo da data da solicitude. No caso de non estar obrigado/a a presentala, achegarase certificación negativa da Axencia Estatal da Administración Tributaria relativa aos membros da unidade familiar maiores de 16 anos.
  - d) Certificación actual de haberes emitida pola empresa/s ou nóminas. No seu defecto achegarase xustificación de ingresos dos últimos 6 meses, de cada un dos compoñentes da unidade familiar maiores de 16 anos, tanto que os seus ingresos teñan carácter regular como irregular.
  - f) Certificacións actuais de pensións, prestacións ou subsidios, expedidas polos organismos correspondentes (INEM, Seguridade Social, Xunta de Galicia) de cada un dos compoñentes da unidade familiar.
- Nos casos nos que non se podan acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, recadarase a declaración responsable sobre eles (declaración xurada).
- g) Certificado de discapacidade e/ou dependencia se fose o caso.
  - h) No suposto de que a axuda solicitada teña como destino a realización de obras no lugar, esixirase con carácter preceptivo a incorporación no expediente dun informe técnico dos servizos municipais competentes referidos aos aspectos técnicos da mesma (viabilidade, orzamento, etc.,)
  - i) Título de familia numerosa.
  - j) Vida laboral dos maiores de 16 anos.
  - k) Convenio regulador sobre garda e custodia dos menores e pensión de alimentos.
  - l) Contrato de aluguer ou último recibo da hipoteca.
  - m) Denuncia por maltrato ou violencia de xénero ou doméstico, se fose o caso.
  - n) Extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas que integran a unidade familiar, correspondentes aos doce meses inmediatamente anteriores á formulación da solicitude.
  - o) Nas axudas que impliquen adecuación da vivenda, documento que acredite a propiedade ou alugueiro, e neste suposto autorización do propietario.
  - p) Presentaranse un mínimo de tres orzamentos detallados do custo do ben ou servizo para cuxo pago se solicite a axuda, no caso de que isto sexa posible.
  - q) Certificado de conta bancaria.

## 11. TRAMITACIÓN

A tramitación destas axudas realizarase polos servizos sociais municipais, e a súa tramitación poderá ter carácter ordinario ou urxente.

Os/as traballadores/as sociais, tendo en conta a situación do solicitante, o carácter de necesidade, así como a urxencia da resolución dos problemas que orixina a demanda de axuda de emerxencia social, deberán determinar o procedemento a seguir en cada caso, que deba constar expresamente no informe social.

## 12. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

Tendo en conta o establecido na base 1ª, a finalidade desta axudas de carácter temporal é a de paliar necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por unha situación de emerxencia. Ademais terán que estar necesariamente vinculadas a un proceso de intervención social, que inclúa unha análise completa da situación individual e familiar. De acordo co exposto, o procedemento para a concesión das mesmas que se iniciará nos servizos sociais municipais é o seguinte:

1. O procedemento iniciarse a instancia do interesado mediante a presentación da solicitude (ANEXO I) no rexistro xeral do concello nos termos e formas sinaladas na base 10ª.
2. Recibida a solicitude, elaborárase polos traballadores sociais o informe no que se porá de manifesto a problemática, a demanda, e se o solicitante cumpre os requisitos esixidos para recibir a axuda, avaliando a situación de necesidade e o carácter urxente ou ordinario da concesión da axuda, así como a súa contía. O informe remitirase á concellería delegada competente en materia de servizos sociais.
3. O/a concelleiro/a delegado/a competente en materia de servizos sociais, á vista do informe social, ditará unha providencia indicando a continuación da tramitación con carácter urxente ou ordinario ou, no caso de procederes, propondrá denegar a axuda económica peticiónada.
4. A resolución que se dite polo órgano competente notificarase ao solicitante, facendo constar a aprobación ou denegación da axuda. No suposto de aprobación, deberá constar a contía concedida, así como os medios de xustificación do gasto.
5. O pagamento ao beneficiario e a xustificación das axudas levarase a cabo de conformidade co sinalado na base 14ª.

### **13. CRITERIOS PARA A RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE**

Nas avaliacións dos expedientes teranse en conta criterios específicos. Para a aplicación dos criterios específicos utilizarase unha escala de valoración validada e estandarizada, que determinará a prioridade da solicitude en función dos puntos obtidos, que significarán a escala de necesidades estimada. Os criterios específicos a ter en conta serán os seguintes:

#### **1.1 Tipoloxía familiar: (máximo 2 puntos)**

- 1.1.1 Familia nuclear: 1 punto
- 1.1.2 Familia monoparental: 2 puntos

#### **1.2 Situación socio-familiar: Factores limitadores adicionais que afectan a algún dos membros da unidade familiar (máximo 7 puntos)**

- 1.2.1 Existencia dalgún membro con discapacidade (física, psíquica ou sensorial debidamente acreditada ou valorada con grao ou nivel de dependencia: 1 punto por cada membro.
- 1.2.2 Existencia dalgún membro da unidade familiar con problemas de adición (alcohol, drogas, e/ou outras adicións): 1 punto
- 1.2.3 Existencia dalgún membro da unidade familiar con enfermidade grave ou en situación de dependencia: 1 punto por cada membro.
- 1.2.4 Ausencia do fogar de ámbolos dous membros parenterais: 2 puntos
- 1.2.5. Familias numerosas: 2 puntos.

#### **1.3 Situación económica familiar: (máximo 5 puntos) Supón unha avaliación dos ingresos de unidade familiar, tendo en conta a renda per cápita:**

- 1.3.1 Rendas per cápita superiores ao 100% do IPREM: 0 puntos

- 1.3.2 Rendas per cápita entre o 100% e o 75% do IPREM: 1 punto
- 1.3.3 Rendas per cápita entre o 74% e o 50% do IPREM: 2 puntos
- 1.3.4 Rendas per cápita entre o 49% eo 25% do IPREM: 3 puntos
- 1.3.5. Rendas per cápita entre o 24% eo 10% do IPREM: 4 puntos
- 1.3.6 Rendas per cápita inferiores ao 10% do IPREM: 5 puntos

1.4 Situación da vivenda: (máximo 3 puntos )

- 1.4.1 Vivenda cedida sen custo: 0 puntos
- 1.4.2 Vivenda en propiedade pagada: 1 puntos
- 1.4.3 Vivenda en propiedade pagándose: 2 puntos
- 1.4.4 Vivenda en aluguer: 2 puntos
- 1.4.5 Vivenda en precario: 3 puntos

1.5 Situación de risco e/ou exclusión social: (máximo 6 puntos)

- 1.5.1 Situación de desatención dos fillos menores por parte dos proxenitores ou representantes legais: 2 puntos
- 1.5.2 Problemas conductuais dos menores que integran a unidade familiar: 2 puntos
- 1.5.3 Problemas de conducta desadaptada que afecten aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar: 2 puntos
- 1.5.4. Situacións de violencia doméstica: 2 puntos
- 1.5.5 Familias nas que algún dos membros da unidade familiar estea en situación de desemprego: 2 puntos
- 1.5.6 Outras circunstancias de risco non recollidas no ítems anteriores: 2 puntos

1.6 Familias en proceso de intervención social: (máximo 6 puntos )

- 1.6.1 Familias incluídas no programa de apoio familiar: 3 puntos
- 1.6.2. Familias beneficiarias da RISGA: 3 puntos

1.7 Outros datos de interese relacionados coa necesidade de axuda de emerxencia social: Esta puntuación será a que resulta de considerar a posible concorrencia de determinadas circunstancias dentro da unidade de convivencia, que deben ser avaliadas por canto poidan incidir no grao de necesidade, e que non quedan reflectidas nos criterios de avaliación sinalados con anterioridade.

Representa unha avaliación adicional feita polas/os traballadoras/es sociais dos servizos sociais de atención primaria do concello, que non pode exceder dos 5 puntos.

#### 14. FORMA DE PAGO E XUSTIFICACIÓN

1. O importe da axuda librarase mediante pagamento único. O libramento faráselle directamente ao/á beneficiario/a ou á persoa ou entidade que este/a autorice e o informe social así o apoie. Así mesmo, este informe poderá suxerir que o pago da axuda se realice co acompañamento dalgún traballador dos servizos sociais. Cabe a posibilidade de realizar un pago anticipado en situacións excepcionais, que deberá ser xustificado no informe social.

No caso dos procedementos tramitados con carácter ordinario, o pago realizarase o máis axiña posible, sen que o prazo poida exceder de máis dun mes dende a data de resolución. No caso dos procedementos tramitados con carácter urxente, o pago realizarase nun prazo máximo de 72 horas dende a data da resolución.

2. Os beneficiarios das axudas deberán xustificar perante o Concello que as mesmas foron destinadas aos fins para os que foron concedidas. A xustificación da axuda levarase a cabo nun prazo non superior a 20 días dende a data de pagamento, mediante a achega de facturas que cumpran os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, ou outros xustificantes ou documentos con valor

probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa. A documentación xustificativa deberá presentarse no rexistro xeral municipal.

#### 15. SEGUIMIENTO DAS AXUDAS

Os servizos sociais municipais levarán a cabo o seguimento da situación de necesidade protexida polas axudas de emerxencia, así como o destino dado ás mesmas; e poderán solicitarlle aos/as beneficiarios/as a información ou documentación necesaria para o exercicio da dita función de forma axeitada.

#### 16. REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polo/a beneficiario/a da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro das axudas aboadas e o impedimento dunha nova solicitude por un período de 2 anos.

#### 17. VIXENCIA

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2016, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.

### ANEXO I SOLICITUDE DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

#### SOLICITANTE

Nome e apelidos:  
DNI:  
Data de nacemento:  
Ingresos/Procedencia:  
Enderezo:  
Teléfono:

#### UNIDADE FAMILIAR

Nome e apelidos	DNI	D.Nacemento	Parentesco	Ingresos/Procedencia

Aluguer:        Si        Non        Importe:  
Hipoteca:     Si        Non        Importe:

**SOLICITA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O CONCEPTO DE:**

Autorizo ao Concello de Nigrán a recabar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información necesaria a estes efectos acerca dos meus ingresos nos exercicios \_\_\_\_\_

Nigrán, de de .

**AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRÁN.”**

**CUARTO.-** Aprobar as “bases específicas que rexerán o funcionamento do programa de alimentos municipais (PAM - 2016” que se insiren a continuación:

**“BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE ALIMENTOS MUNICIPAL (PAM - 2016)”**

As presentes bases específicas, que rexerán o funcionamento do Programa Municipal de Alimentos (PAM) para o ano 2016, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

**1. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA**

O Concello de Nigrán, asumindo as competencias recoñecidas no artigo 25.2,e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Socias da Comunidade Autónoma de Galicia, procede a ditar as bases polas que se rexerá no ano 2016 o Programa de Alimentos Municipal (PAM).

**2. OBXECTO DAS AXUDAS**

O Programa de Alimentos Municipal (PAM) ten por obxecto a cobertura das necesidades básicas de manutención daquelas persoas empadroadas e residentes no Concello de Nigrán que se encontren en situación de exclusión social debido á súa precariedade económica ou carencia de ingresos, de xeito que se garanta a cobertura duns mínimos de subsistencia á unidade de convivencia. Así mesmo, constitúe unha medida excepcional e urxente ante situacións carenciais de gran necesidade.

**3. BENEFICIARIOS/AS**

Poderán beneficiarse do PAM persoas individuais ou unidades de convivencia. Entenderase por unidade de convivencia a formada por persoas que habitan no mesmo domicilio.

**4. REQUISITOS**

1. Ser maior de idade ou menor emancipado/a.
2. Estar empadroado/a e ter residencia efectiva no concello de Nigrán cunha antelación mínima de 3 meses no momento da solicitude.

3. Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nas presentes bases.

## 5. CÓMPUTO DE INGRESOS

Para poder beneficiarse do PAM, os ingresos económicos das unidades de convivencia en función do número de membros das mesmas non poderán superar en ningún caso os límites establecidos na seguinte táboa:

1 membro .....	532,51€/mes
2 membros.....	665,64 €/mes
3 membros.....	798,77€/mes
4 membros.....	985,15€/mes
5 membros.....	1171,53 €/mes
6 membros.....	1384,53 €/mes
7 membros.....	1597,53 €/mes
8 membros.....	1840,53 €/mes
9 membros.....	2023,53 €/mes
10 membros.....	2236,53 €/mes

Así mesmo, tampouco poderán beneficiarse do PAM aquelas unidades de convivencia que teñan rendementos patrimoniais, diñeiro a prazo fixo, accións, etc ou saldos en conta bancaria superiores a 2.000€.

## 6. DETERMINACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS

1. Para determinar os ingresos por debaixo dos cales poderá procederse ao recoñecemento das axudas teranse en conta os ingresos de toda a unidade de convivencia.
2. A renda per cápita da unidade de convivencia obtense da diferenza entre os recursos da unidade de convivencia e os gastos deducibles, dividido entre o número de integrantes da unidade de convivencia.
3. Computaranse como recursos da unidade de convivencia a totalidade dos ingresos líquidos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outra, nos 6 meses anteriores á data de solicitude.

No caso de existencia de recursos dinerarios depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% da cantidade depositada. Así mesmo terase en conta o saldo medio das contas correntes de toda a unidade de convivencia.

Pola súa parte, serán gastos deducibles os alugueres e hipoteca da vivenda, ata 300 euros ao mes

## 7. ORZAMENTO

As axudas a chegar obtéñense polo Concello a través de donacións por diferentes entidades sociais, persoas físicas, ou ben mediante adquisición directa por parte do Concello, de xeito que a concesión de axudas estará vencellada á dispoñibilidade de produtos.

No caso de que o Concello deba adquirir produtos para dotar ao PAM, acudirase á partida partida 231 2269903 do Orzamento Xeral para 2016, dotada cun importe de 30.000 euros, co concepto “gastos diversos servizos sociais”.

## 8. TIPOS DE AXUDAS

As axudas consistirán na entrega de lotes de produtos alimenticios básicos, subministrados previamente por donación de diferentes entidades sociais, persoas físicas ou por dotación do propio Concello.

Os lotes compóranse principalmente de produtos non perecedoiros e produtos hixiénicos e, ocasionalmente, de produtos frescos.

## 9. XESTIÓN DO PROGRAMA DE ALIMENTOS MUNICIPAL

O persoal técnico dos servizos sociais municipais será o encargado das seguintes tarefas:

- Recepción dos produtos.
- Xestión do stock.
- Control das entradas e saídas de produtos.
- Asignación e reparto dos lotes
- Determinación do contido dos lotes e das cantidades dos mesmos por unidade de convivencia.
- Control das caducidades.
- Realización de inventarios.
- Hixiene do local e dos produtos.
- Xestión de entregas.
- Elaboración de informes.

Os servizos sociais municipais poderán contar con persoal voluntario para a elaboración dos lotes, facilitando previamente ao voluntario plantillas coa composición de cada lote.

## 10. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes para beneficiarse do PAM dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
2. As solicitudes presentaranse cumprimentando o modelo que se incorpora (ANEXO I), asinando autorización e consentimento para recadar os documentos que obren nesta ou outras Administracións, así como a información adicional que se considera necesaria para completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través de calquera dos medios previsto s na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
3. O prazo de petición manterase aberto durante o exercicio 2016, suxeito, en todo caso, á dotación de existencias da que se dispoña en cada momento.
4. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación (en orixinal e copia) de todos os membros da familia.
  - a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou tarxeta de identificación de estranxeiro/a relativa a súa residencia legal en España de toda a unidade de convivencia.
  - b) Fotocopia do libro de familia ou documentos acreditativos de acollementos ou tutela.
  - c) Fotocopia da declaración de I.R.P.F do ano corrente ou do anterior dependendo da data da solicitude. No caso de non estar obrigado/a a presentala, certificación negativa da Axencia Estatal de Administración Tributaria relativa aos membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.
  - d) Certificación actual de haberes emitida pola empresa/s ou nóminas. No seu defecto achegarase xustificación de ingresos dos últimos 6 meses, de cada un dos compoñentes da unidade de convivencia maiores de 16 anos, tanto que os seus ingresos teñan carácter regular como irregular.
  - e) Certificacións actuais de pensións, prestacións ou subsidios expedidos polos organismos correspondentes: INEM, Seguridade Social, Xunta de Galicia, de cada un dos compoñentes da unidade de convivencia.

- f) Nos casos nos que non se poida acreditar documentalmente os ingresos da unidade de convivencia, recadarase a declaración responsable sobre eles (declaración xurada).
- g) Certificado de discapacidade e/ou dependencia se fose o caso.
- a) Título de familia numerosa.
- h) Vida laboral dos maiores de 16 anos.
- i) Convenio regulador sobre garda e custodia dos menores e pensión de alimentos.
- j) Contrato de aluguer ou último recibo da hipoteca.
- k) Denuncia por maltrato ou violencia de xénero ou doméstico, se fose o caso.
- l) Extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas que integran a unidade de convivencia, correspondentes aos doce meses inmediatamente anteriores á formulación da solicitude.

## **11. TRAMITACIÓN**

1. A tramitación destas axudas realizarase polos servizos sociais municipais.
2. Atenderanse a todos os solicitantes por orden de menor a maior renda per cápita ata esgotar os alimentos determinados para cada reparto. En función da dita renda per cápita e dos quilos de alimentos que consten en stock elaboraranse os correspondentes lotes para as familias.
3. A fin de establecer a orde de atención, os servizos sociais municipais darán prioridade ás unidades de convivencia solicitantes nas que residan menores a cargo. Teranse igualmente en conta os signos externos de riqueza, a economía somerxida ou calquera outro aspecto que poda resultar relevante.
4. A entrega dos lotes será realizada por parte do persoal dos servizos sociais municipais, debendo o receptor presentar no rexistro xeral municipal un xustificante da recepción da axuda.

## **12. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

Os beneficiarios das axudas do PAM terán as seguintes obrigas:

- a) Destinarán a axuda para a finalidade para a que foi concedida.
- b) Non poderán recibir axuda para a mesma finalidade doutra entidade coa que o Concello teña asinado convenio, e así o estableza o mesmo.
- c) Non renunciarán sen causa xustificada aos programas de comedor social.
- d) Non poderán comerciar coa axuda recibida.
- e) A unidade de convivencia terá a obriga de aceptar, se os servizos sociais municipais así o consideran, un proxecto personalizado de inserción constituído por un conxunto de accións tendentes á mellora da integración persoal, familiar, social e laboral.
- f) Facilitarán ao persoal municipais a información requirida, e nunca falsearán ou ocultarán datos ou documentos necesarios para a participación no PAM.

## **13. SEGUIMENTO DAS AXUDAS**



Os servizos sociais municipais levarán a cabo o seguimento da situación de necesidade protexida polas axudas, así como o destino dado ás mesmas; e poderán solicitarlle aos/as beneficiarios/as a información ou documentación necesaria para o exercicio da dita función de forma axeitada.

#### 14. REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polo/a beneficiario/a da axuda, ou o incumprimento das obrigas recollidas na base anterior, conlevará a prohibición de beneficiarse do PAM por un período de 1 ano.

O incumprimento destas obrigas ou, en xeral, de calquera das condicións establecidas nestas bases, dará lugar a suspensión ou extinción da axuda.

#### 15. VIXENCIA

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2016.

### ANEXO I PROGRAMA DE ALIMENTOS MUNICIPAL

#### SOLICITANTE

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacemento:

Ingresos/Procedencia:

Enderezo:

Teléfono:

#### CONVIVENTES

Nome e apelidos	DNI	D.Nacemento	Parentesco	Ingresos/Procedencia

Aluguer: Si Non Importe:

Hipoteka: Si Non Importe:

#### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que todos os membros da unidade de convivencia están empadroados no Concello de Nigrán.
2. Que non reciben axudas para a mesma finalidade doutra entidade coa que o Concello teña asinado convenio, e así o estableza o mesmo.
3. Que non venderán os alimentos recibidos, xa que son para a súa unidade de convivencia.

4. Que comunicarán aos servizos sociais municipais calquera variación da súa situación sociofamiliar e económica que podan modificar as circunstancias expostas nesta solicitude.

5. Que permitirán e facilitarán la actuación dos servizos sociais municipais para avaliar a súa situación sociofamiliar, realizar seguimento e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que foi concedida.

**SOLICITA,**

Que se inclúa á unidade de convivencia no Programa Municipal de Alimentos.

Nigrán, de de .

**AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRÁN.**

**QUINTO.-** Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidencia a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.

**SEXTO.-** Advertir que contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

**II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de febreiro de 2016 e o 29 de febreiro de 2016, ambos incluídos.

**II.2.- DAR CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2017 - 2019 DO CONCELLO DE NIGRÁN**

Dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal sobre o Plan Orzamentario a medio prazo 2017/2019.

**II.3.- ROGOS E PREGUNTAS**

1.- D<sup>a</sup>. *María Carmen Alonso Macías Jorroto, do grupo Popular:*

¿Sabe cando se vai inaugurar o Centro de Saúde?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Fai 15 días o Conselleiro estivo falando comigo e estaban pendentes dunha conexión de Fenosa. A autorización xa se lle deu dende o Concello. Empezan a semana que ven a facer a conexión e a partir de aí xa é inmediato.

2.- D. *José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:*

2.1. ¿Respecto á auditoría de CESPRA reclamouse xa algo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Fíxose a reclamación elaborada polos servizos técnicos tendo en conta o informe da Enxeñeira, coas achegas da Secretaría e o informe de Intervención.

*Sr. Cuevas Raposo:* ¿E a cantidade máis ou menos?

*Sr. Alcalde-Presidente:* 104.000 euros.

*Sr. Cuevas Raposo:* Supoño que é polos servizos non realizados. ¿Dos 680.000 euros de melloras que non realizou neste tempo e dos 57.000 euros do plan de investimentos que non cumpriu se vai a reclamar algo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Agora estamos con esta parte.

2.2. Dende que chegou á Alcaldía en xuño de 2015, ¿cantos cursos de formación dirixidos a persoas desempregadas organizou o Concello de Nigrán?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Contéstollo por escrito porque dende que chegamos non sei cantos houbo. Estamos empezando a levar a cabo un plan de formación co polígono de Porto do Molle. Nas reunións que temos cos empresarios xa llo plantexamos. Na próxima reunión do día 20 de abril xa vai unha proposta para consensuar un plan de formación. Xa estivemos cos xefes de departamento de recursos humanos de varias das empresas máis grandes que hai en Porto do Molle para facer o plan de formación.

2.3. No Pleno de xaneiro rogueille que iniciara o procedemento para elaborar unha ordenanza de venda ambulante, ¿pensan facelo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* A Concelleira de Facenda di que sí.

2.4. ¿Solicitouse a adhesión ao portal de transparencia da Xunta de Galicia ou do Ministerio de Facenda?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Aínda non.

*Sr. Cuevas Raposo:* ¿Cando pensa por en marcha o portal de transparencia?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos sendo moi transparentes.

*Sr. Cuevas Raposo:* ¿Son certas as noticias publicadas de que pensa seguir incumprindo a Lei de Transparencia ata outubro deste ano?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Había un prazo ata outubro.

*Sr. Cuevas Raposo:* O prazo rematou en decembro do ano pasado.

2.5. Este Nadal produciuse un accidente en Camos no que resultou deteriorada unha marquesiña. Dende entón esa parada de autobuses non ten marquesiña, ¿cal é a razón por que non foi repostada?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Porque estamos pendentes do seguro do vehículo que fixo o dano.

*Sr. Cuevas Raposo:* Pero os nenos están baixo a chuvia.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A marquesiña costa 9.500 euros e o seguro do coche ten que pagar o 100%.

*Sr. Cuevas Raposo:* Executas a reparación e despois reclamamos ao seguro, unha vez que o perito sabe o dano.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pasamos esa petición a Intervención e se así o considera executamos e despois reclamamos.

*Sr. Cuevas Raposo:* Que se poña no taboleiro de anuncios a orde do día do Pleno.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Ponse no taboleiro que está ao carón das escaleiras por ser un taboleiro pechado.

### 3.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

3.1. Que se estude por parte de AQUALIA a necesidade de levar a cabo a instalación de bocas de extinción de incendios en determinados puntos da rede municipal de abastecemento de auga que aínda non dispoñen delas.

3.2. Que se poña en marcha por parte de AQUALIA unha campaña informativa dirixida a aqueles abonados do servizo que teñen a tapa da caixa do contador rotas ou deterioradas polo paso do tempo que impiden a lectura con normalidade.

3.3. Que se elabore un calendario do contribuínte onde se especifiquen claramente datas e prazos en que deben aboar aos contribuíntes as taxas e impostos municipais, tanto por xestión directa do Concello coma a través do ORAL ou de AQUALIA.

3.4. Que se revise a fonte da estación de Panxón, por se existe algunha fuga, porque

ultimamente apenas bota auga e que se faga un control analítico da auga de todas as fontes públicas, xa que o último control realizado data de marzo de 2015.

3.5. Antes de que finalice o trimestre existe a obrigaón de comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público da Xunta Consultiva da Contratación Administrativa do Estado información relativa aos contratos adxudicados durante o ano anterior, ¿sabe se foron remitidos os do ano 2015 e os dos anos anteriores?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Contestareille por escrito.

3.6. Existe un problema de deslinde co Concello de Gondomar. Fai anos que se iniciaron conversacións e que segundo parece non avanza. Eu insistín na última lexislatura en como se encontraba este expediente e desgraciadamente nada se fixo. ¿Pensa retomar este expediente e darlle unha solución definitiva ao problema?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Ao aprobar definitivamente un Plan Xeral non nos quedará máis remedio que miralo. Non é un tema no que estivéramos traballando.

3.7. Recentemente contratáronse obras para diversas actuacións no SAU-3, ¿pode informar en que situación se atopan as obras, se xa foron finalizadas e se existe algún problema para a súa terminación? ¿Hai algún técnico municipal director das obras ou é externo?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O técnico director das obras é externo. As obras algunhas están feitas pero non están terminadas ao 100%. Sei que houbo certos problemas.

3.8. O pasado 16 de febreiro vostede resolveu un expediente sancionador pola venda de alcohol a menores a un local sito na rúa Jesús Espinosa en Panxón, ao que se impuxo unha multa de 3.005 euros por infracción grave, conmutando dita sanción pola realización de 150 horas de traballos en beneficio da comunidade. Existe informe da ex concelleira Liliana Silva e de Ana Pérez sobre o seu cumprimento. ¿Pode indicarnos en que consistiron os traballos e se están condonándose multas a menores por consumo de alcohol na vía pública?

*Alcalde-Presidente:* Contestareille por escrito.

*Dª. Ana Pérez Pérez, concelleira Delegada:* Foron traballos de apertura do auditorio, cando hai actividades, tanto no caso anterior como no meu.

*Sra. Alonso Macías Jorreto:* Eu fun a que levou o expediente sancionador deste tema da venda de alcohol a menores a través dunha denuncia da Garda Civil. Tivemos problemas porque era unha S.L. e non podía facer traballos á comunidade, pero todo foi a través da asesoría xurídica.

*Sr. Fernández Comesaña:* Por un lado estamos ante a imposición dunha sanción por un feito grave tipificado pola venda de alcohol a menores, denunciado pola Policía autonómica ou pola Garda Civil. O Concello inicia un expediente e sanciona a infracción cometida, 3.005 euros. A segunda parte é que esa multa non se paga, porque se

conmuta con traballos. Eu me pregunto se isto vai a ser sempre así. Lle pido a copia dese informe.

3.9. O pasado 16 de febreiro iniciouse o expediente para o alugueiro da nave almacén municipal por un prezo de licitación de 20.300 euros sen IVE. Pregunto se xa se resolveu a adxudicación e se esta recaeu nalgunha nave do polígono e cal foi a prezo final.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O prezo final é o que sae na oferta. É unha nave dentro do polígono e xa está operativa.

3.10. Recentemente se procedeu á devolución dun aval depositado de 9.000 euros pola empresa que xestiona PortAmérica en Porto do Molle, ¿sabe se xa foron aboadas as liquidacións por ocupación de dominio público durante os anos 2014 e 2015 que estaban pendentes e se xa aboaron os gastos ocasionados polo acondicionamento do recinto afectado pola chuvia, que houbo que depositar camións de zavorra, ou se se fixo cargo o Concello?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Todo o que tiñan pendente co Concello está liquidado. Os camións de zavorra tamén estaban nesa liquidación.

3.11. Recentemente levouse a cabo o derribo dunha vivenda no Camiño da Cabreira, esquina Manuel González Prado, en San Pedro, mediante execución subsidiaria de sentenzas, traballos efectuados pola empresa Demolicións Galicia e que segundo consta no cartel da obra, abarca dous expedientes, RLU 99/20, cierre, e RLU 99/22, vivenda; obras que tivo que executar o Concello directamente. ¿A canto ascendeu o importe?, ¿xa foi repercutido e cobrados ao propietario os gastos correspondentes?, ¿a sentenza tamén obrigaba ao derribo do muro?, ¿que problemas existen para non facelo?

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* O importe total por muro e vivenda foron aproximadamente 32.000 euros. Se lle pasaron eses gastos, pero a día de hoxe aínda non foron recuperados polo Concello. Están no ORAL. O expediente do muro está agora mesmo no Xulgado do contencioso número 1 de Vigo, polo que ata que se resolva había certa inseguridade xurídica para continuar co derribo do muro neste caso.

3.12. Informámonos pola prensa que o conflito existente no cemiterio de Priegue toca ao seu fin. Parece ser que a legalización é unha boa noticia, ¿pode informarnos vostede da situación actual, se é así?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Practicamente está en camiño. Fai quince días nos volvemos a reunir coa directiva do cemiterio. Miramos as obras que teñen que facer que son de pequena envergadura, e estivemos tamén unha reunión coa delegada provincial da Consellería de Sanidade, na que chegamos a un entendemento de aquilo que había que facer para que o cemiterio de Priegue puidera legalizarse. Estamos pendentes de que se fagan esas pequenas obras. A partir de aí , enviar o expediente á Xunta e solicitar a legalización.

3.13. A raíz da visita institucional que tivemos hoxe da Presidenta da Deputación, acto ao que invitou a todos os membros da Corporación e ao que asistín, quería que nos adiantase

que peticións lle fixo e a cales se comprometeu. Eu tamén lle fixen algunha petición que quero reproducir para que quede constancia:

Que por parte da Deputación se atenda mellor os viais de titularidade provincial e que especialmente se leve a cabo a humanización da Rúa Ceán dende a Rúa dos Pazos ata o entorno da biblioteca e a Rúa Manuel González Prado dende o cruce de Mallón ata o cruce de Padres Franciscanos. Tamén solicíteille que aqueles viais que foron urbanizados pola Deputación mediante convenios co Concello e que se atopen en perfecto estado que poidan ser cedidos ao patrimonio municipal, Rúa Monteferro, Rúa Padres Franciscanos, Rúa Tomás Mirambel, Rúa do Torreiro, etc. A receptividade foi magnífica e espero que vostede poida conseguilo. Me gustaría saber se houbo algún compromiso máis de actuacións a levar a cabo pola Deputación; se está prevista a sinatura dalgún convenio e se pode adiantar de que volume de cifra podemos falar.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A cifra é o Plan Concellos. A forma de traballar da Deputación é diferente, a nós nos corresponden case 900.000 euros, esa é a gran sinatura que temos este ano coa Deputación. Ela anunciou que aparte axudarán a Nigrán en todo o que poidan, pero a realidade é que os fondos da Deputación agora non se reparten de forma aleatoria, senón que se reparten segundo a nós nos corresponda. O único que anunciou a máis é que a través de todos os servizos que hai na Deputación, Escola de Canteiros, Escolas Obradoiros, etc, que se porán a disposición do Concello de Nigrán para recuperar algún espazo público máis, aportar mobiliario do tipo que sexa, e que tal e como estaba traballando o departamento de infraestruturas, intentar que nos viais provinciais a Deputación faga unha gran actuación sobre eles nestes catro anos e despois entregar aos Concellos todos aqueles que sexan considerados urbanos.

#### 4.- *D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo do BNG:*

4.1. Comezando por isto último, eu agradezo tamén que fixera extensiva a invitación a toda a Corporación á reunión coa Presidenta da Deputación, á que non puideron asistir por motivos de traballo. Aproveitando o que dixo Antonio, dicir que debemos solicitar tamén á Deputación, e sei que é unha obra que non é menor, o vial de Camos a Vincios que é da Deputación e que atravesa dous Concellos, fai moitos anos que necesita un arranxo. Está ben pedilo. Eu atrévome a dicir aquí que como lle solicitemos á Deputación que nos ceda eses viais, aseguro que Uxío Benítez, que é o Deputado de Infraestruturas, está desexando que llos pidamos para dalos, porque esa é a política de adalgazamento da Deputación.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Iso vai a beneficiar aos veciños de Nigrán, porque neste momento están sufrindo as consecuencias de que para calquera actuación que hai que facer nestes viais hai que pedir permiso á Deputación, á parte de pagar as taxas correspondentes.

4.2. Nun Pleno anterior solicitei información sobre o tramo de saneamento municipal non recepcionado en Vilariño e o Concelleiro de Vías e Obras remitiúme os informes coas deficiencias polas que non se recepcionara. O último informe é o da Enxeñeira municipal que o que ven a dicir con moi bo criterio é que houbo unha modificación do proxecto e que entende que procedería á Deputación, que foi quen contratou e quen fixo as obras, que remitiran o novo

proxecto, porque incomprensiblemente o proxecto modificado non foi remitido ao Concello. Isto xa o dicía en novembro do ano pasado. Entón me gustaría saber se se pediu ese proxecto modificado e se o temos. Se o temos me gustaría coñecelo.

*D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado:* Xusto esta semana se transmitiu esa petición á Deputación, para que remitan o proxecto modificado ou que subsanen as deficiencias da rede para poder recepcionala.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Cando chegue me gustaría miralo.

4.3. Estamos no proceso de elaboración de estratexias de desenvolvemento local por parte dos GDR. Na nosa zona é o GDR 18 o que correspondería ao Concello de Nigrán. Eu estou interesado en se o Concello como institución participa ou ten pensado participar nos grupos. Eu quero lembrar a importancia destes grupos, porque van deseñar o programa LEADER 2014-2020, con todos os fondos comunitarios asociados a eles e é importante que o Concello de Nigrán estrea aí.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos sendo convocados e vamos a participar.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Fago o rogo de que participen activamente.

4.4. ¿Como están os traballos do equipo redactor do PXOM?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Esta semana enviamos unha comunicación a todos os voceiros dos grupos municipais para indicar que todas as alegacións xa están contestadas polo equipo redactor e que o xoves da semana que ven temos dúas xuntanzas de traballo, á primeira hora cos técnicos municipais e a partir das 12 cos políticos. Mandeí a convocatoria. Segundo o equipo redactor case todos informes sectoriais son relativamente sinxelos, o máis complicado é o de Cultura, o de Patrimonio, porque nos obriga á contratación dun estudio de todos os restos arqueolóxicos. Este é o que están intentando negociar para ver de que xeito somos capaces de levalo a cabo sen que nos paralice demasiado o procedemento.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Pregunto máis como alegante que como grupo político, porque como grupo político tamén fixemos alegacións. O equipo redactor xa informou sobre as alegacións, e agora van a ensinarnos a nós ese informe ás alegacións ¿con que obxectivo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Seguir coa tramitación. O día que tivemos a reunión na que estivemos todos dixeron que contestar aos alegantes a súa alegación sen ter aínda o resultado final da Xunta era crear unhas expectativas que ían a ser fallidas. Se agora a un veciño que fai unha alegación o equipo redactor lle di que a acepta e despois o informe da Xunta di que nesa zona ten que ir o río Miñor, a ese veciño hai que dicirlle que o que se lle dixo que si agora hai que dicirlle que está mal. Iso pode crear unha gran frustración aos veciños e eles consideraban que era mellor que esas alegacións se responderan aos veciños unha vez a Xunta validara iso. A partir de aí o xoves nos dirán como é o procedemento para a aprobación provisional. Falaremos con eles para



convocar de xeito oficial o Consello Sectorial. Moito máis non podo dicir.

*Sr. Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Conviña saber en que medida nos pode afectar esta nova Lei do Solo galega.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O xoves nos dirán.

*Sr. Fernández Comesaña:* Sería interesante comunicar de forma individual as alegacións.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

